



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANADERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte:

A C O R D O:

Na cidade de Ourense, a doce de xuño de mil novecentos noventa e seis.



ESTE o expediente de clasificación do monte como veciñal en man común denominado "COMUNAL DE SAA" a solicitude dos veciños de Saa, parroquia de Seoane, no concello de O Carballiño.

RESULTANDO que con data 10 de abril de 1995, tivo entrada na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes en Ourense, escrito dirixido ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado por D. Camilo Fumega Ucha, D. Jesús Conde Millara e outros veciños de Saa, solicitando se declare o monte como veciñal en man común.



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

XURADO PROV. DE MONTES VECINAIS EN MAN COMÚN

RESULTANDO que o Xurado Provincial en sesión celebrada o día 4 de outubro de 1995, acordou tomar en consideración o citado escrito e iniciar-lo expediente de clasificación do monte designando instructores do mesmo a D José Manuel Baltar Blanco e D. Miguel Ángel González Trigás, que aceptaron tal cargo, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade do Carballiño , e remitíndose comunicacións dirixidas ós veciños do pobo , ó Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de Ourense, ó Ilmo. sr. delegado provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vicenda, á Xerencia Territorial do catastro, ó Sr. Alcalde - Presidente do Concello do Carballiño e ós Xefes dos Servizos de Estructuras Desenvolvemento Rural, de Montes e Industriais Forestais, e de Extensión Agraria da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, publicándose Edictos no Diario Oficial de Galicia (D.O.G. nº 29, do venres 9 de febreiro de 1996) e no taboleiro de anuncios do Concello do Carballiño , durante o prazo dun mes segundo consta en dilixencia extendida ó dorso do Edicto, polo Secretario do Concello, que durante o prazo sinalado en Edictos para que os interesados poidan comparecer ou intervir no mesmo, en defensa dos seus dereitos, non consta presentada nengunha alegación.





CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

Rúa Progreso, 161 - Entrechán

OURENSE

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

RESULTANDO que a anotación preventiva de iniciación do expediente, practicouse no Rexistro da Propiedade de como segue:

Folios 168 e 169 do libro 118 de Carballiño, Tomo 455, fincas 17.019 e 17.020, Anotacións Letra A.

RESULTANDO que na tramitación do expediente cumpríronse tódalas formalidades legais.

VISTOS, a Lei Galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento de 4 de setembro de 1992, así como o establecido na Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

CONSIDERANDO que o Xurado Provincial de Clasificación de montes veciñais en man común, ten Xurisdicción e competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.





CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

XURADO PROV. DE MONTES VECINAIS EN MAN COMÚN

CONSIDERANDO que o tipo de comunidade xermánica que institúe a Lei de Montes Veciñais en man común ten como características esenciais as seguintes: 1) Que os condminos únense por vínculos persoais de vecindade agrupados en parroquias, aldeas, lugares, caseríos ou barrios non constituídos formalmente en Entidades municipais; 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado; 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cuota no sentido xurídico - romano; 4) Que o patrimonio e a participación é inalienable, imprescriptible e inembargable; e 5) Que a comunidade é indivisible, non podendo os comuneiros pedi-la "actio communi dividundo".

CONSIDERANDO que segundo informacións e testemuños resulta que o monte citado é aproveitado e posuído en réxime de comunidade xermánica polos veciños de Saa, parroquia de Seoane, no Concello do Carballiño.

Os datos do citado monte son:

CONCELLO: CARBALLIÑO



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANADERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

Rúa Progreso, 161 - Entrochán
OURENSE

XURADO PROV. DE MONTES VECINAIS EN MAN COMÚN

DENOMINACIÓN: COMUNAL DE SAA: integrado por 2 parcelas denominadas Rincha, Salqueiras, Espiño; e Cotaro.

COMUNIDADE: Saa, parroquia de Seoane.

Parcela: RINCHA, SALQUEIRAS, ESPIÑO

Superficie: 89.010 m²., aproximadamente.

EXTREMAS:

Norte: Propiedades particulares: Isaura Rodríguez Freijenedo, Gumersindo Gayoso, Manuel Casero Pereira, Manuel González Ada, e outros varios.

Sur: propiedades particulares: Juan Barroso Quesada, José Fumega Piteira, Manuel Casero Pereira, José González Iglesias, e outros varios.

Leste: pista asfaltada e camiño Rinchas.





CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Oeste: propiedades particulares: Josefina Bravo
Rodríguez, Teresa Valeiras, José Corral Fumeqa,
Manuel Bravo Rodríguez, e outros varios.

Parcela: COTARO

Superficie: 39.160 m²., aproximadamente.

EXTREMAS:



Norte: Generosa Barroso Corral.

Sur: propiedades particulares: Manuel Gil Piteira,
Gerardo González Pardo, Concepción Pedrouzo
Barroso, Julio Corral Rodríguez, e outros varios.

Leste: propiedades particulares: Dolores Corral Alonso,
Eligio González González e irmáns, Luis Rodríguez
Fernández Fernández, e outros varios.

Oeste: Elier Ojea.



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

CONSIDERANDO que das informacións recollidas resulta que os veciños do pobo de Saa, están conformes coa clasificación do citado monte como veciñal en man común.

CONSIDERANDO que a teor do disposto na Lei de Montes Veciñais en Man Común, o expediente de clasificación iniciouse por Acordo do Xurado, a instancia dos veciños.



O XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACION DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros.

A C O R D A:

PRIMEIRO. - CLASIFICA-lo monte denominado "COMUNAL DE SAA", integrado por dúas parcelas denominadas "RINCHA, SALGUEIRAS, ESPÍÑOS" e "CÓTARO" dunha superficie aproximada de 89.010 m². e 39.160 m². respectivamente, a favor dos veciños do pobo de Saa, parroquia de Seoane, no Concello do Carballiño, e coas extremas descritas no Considerando terceiro, como veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.




CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL


Rúa Progreso, 161 - Entrecián
OURENSE

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

SEGUNDO.- Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou Rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor da persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.



Notifíquese esta Resolución ó Sr. Alcalde Presidente, ó representante da Comunidade veciñal, ó Sr. Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, ós que se lles fará saber que contra esta resolución que esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo, previa comunicación á que se refire o artigo 110.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de DOUS MESES perante a Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contados a prtir do día seguinte ó da publicación da presente resolución no Diario Oficial de Galicia.



LEVANTAMIENTO TOPOGRAFICO DE		
MONTES DE SAA		
PETICIONARIO		
VECINOS DE SAA		
EMPLAZAMIENTO		FECHA
SAA - CARBALLIÑO		ABRIL.95
PLANO DE		PLANO Nº
SITUACION		1
		ESCALA
		1:10000



Visto o acordo de clasificación como veciñal en man común do monte denominado "Comunal de Saa" por resolución do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de data doce de xuño de mil novecentos noventa e seis, tendo en conta que se produciu un erro na descrición do lindeiro norte da parcela "O Cótaro", pertencente ó citado monte, e sendo de aplicación do artigo 105,2 da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, do 26 de novembro de 1992, modificada pola Lei 4/99, do 13 de xaneiro, que establece que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos,

Visto o informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais do estudio sobre o terreo do linde entre A Granxa e Saa, dentro da parcela denominada "O Cótaro", que establece, coa comparecencia de veciños por parte de ambas comunidades, a liña poligonal identificando os vértices e coordenadas UTM correspondentes,

Este Xurado de Montes ACORDA a rectificación material do acordo de data 12 de xuño de 1996 no considerando terceiro, no sentido de que no parágrafo no que se consigna a estrema norte da parcela Cótaro, debe dicir "parcela O Cótaro do monte veciñal en man común denominado "O Ribeiro, O Cótaro e Monte de Arriba" pertencente ós veciños de A Granxa" e non "Generosa Barroso Corral" como erroneamente se fixo constar e así mesmo que o presente acordo se incorpore como anexo á resolución referenciada xunto co plano elaborado polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que define o limite da citada parcela entrambos montes. Dita rectificación non incide no resto do acordo que permanece idéntico.

Ourense, 20 de outubro de 2004





Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **24 de maio de 2017** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

IX.- D^a. Obdulia Pena Fraga presentou, na súa calidade de presidenta da xunta reitora da CMVMC de Saa, no Concello de Carballiño, comunicou que a comunidade veciñal é propietaria dunha construción destinada a forno e cobertizo, polo que solicitaba a incorporación de dita construción no MVMC de Saa.

Tal e como se fai constar no informe do Servizo de Montes de 7 de abril de 2017, o artigo 57.4 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, establece que as adquisicións realizadas polas comunidades de montes veciñais con carácter previo á entrada en vigor da Lei deben comunicarse ao Xurado Provincial, que integrará a superficie adquirida ao monte veciñal.



En cumprimento do citado artigo se procede a incorporar a citada propiedade na superficie do monte veciñal en man común de Saa.

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente en Ourense a un de febreiro de dous mil dezaioito.

V^o. e prace
O Presidente do Xurado

Yago Borrajo Sánchez





CALLE

CALLE

CARRERA

LUGAR: SAA
AYTO: O CARBALLIÑO

SUPERFICIE HORNO: 25 m²
SUPERFICIE COBERTIZO: 20 m²
TOTAL SUPERFICIE PARCELA: 45 m²

PUNTO	HUSO UTM29 / Datum ETRS89	
	X	Y
1	578102	4700165
2	578110	4700164
3	578111	4700170
4	578107	4700171
5	578103	4700170

Levantamiento topográfico realizado con estación total marca Topcon, serie GTS 220.
Magín Daparte Villar, declaro bajo mi responsabilidad que el trabajo ha sido ejecutado cumpliendo las especificaciones técnicas contenidas en la Resolución de 26 de Octubre del año 2.015 de la Dirección General de Catastro publicada en el BOE del 30 de Octubre de 2.015.
Magín Daparte Villar, no estoy incurso en causa alguna que me impida o limite el ejercicio de mi profesión o de incompatibilidad legal para su realización.
Esta medición ha sido realizada según las indicaciones del peticionario, que tiene su conformidad:

EL PROPIETARIO:

ARREGLADO INGENIEROS
O CARBALLIÑO (Gurutzak) C/Carretera de Orosa, 6 bajo
Tf: 908 27 04 00
arregladoingenieros@gmail.com

PETICIONARIO: VECIÑAL DE SAA
NIF: E32239139

PROYECTO: MEDICIÓN DE HORNO Y POZO
EN SAA - O CARBALLIÑO

TÍTULO PLANO: CALLEADO Nº 264 DE OLC.
SUPERFICIE: MAGÍN DAPARTE VILLAR

ESCALA: 1/100
EL ING. TOPÓGR.: [Signature]
FECHA: 20/11/15
Nº PLANO: 2 de 2